



BOP

LUNS, 10 DE AGOSTO DE 2020

N.º 182

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 30 de xullo de 2020 o expediente de modificación de créditos número 10/2020, dentro do vixente presuposto municipal, por importe de 32.183,12 euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde - Presidente deste Concello.

Baralla, 3 de agosto de 2020.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 1729

Anuncio

Advertido un erro no anuncio publicado no BOP de Lugo número 163 de data 17 de xullo de 2020, de aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles do Concello de Baralla, procédese a facer a seguinte corrección:

- **No artigo 4.3; onde di:**

Establecese unha bonificación do 75% da cota a favor dos bens inmobles rústicos das Cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

debería dicir:

Establecese unha bonificación do 95% da cota a favor dos bens inmobles rústicos das Cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

Permanecendo o resto da Ordenanza Fiscal nos mesmos termos.

Baralla, 3 de agosto de 2020.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 1730

CHANTADA

Anuncio

O pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada ó día 18/06/2020 acordou aprobar inicialmente a transferencia de crédito 08/2020.

O expediente de transferencia de crédito someteuse ao trámite de información pública trala publicación do anuncio no B.O.P. de Lugo nº 151 do 3 de xullo do 2.020. Rematado o prazo de información pública conséntase que non se presentou reclamación algunha, polo que enténdese definitivamente aprobado ao abeiro do disposto no artigo 169 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación co 177 da mesma norma, publícase o resumo do mesmo por capítulos

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 08/2020 por importe de 120.140,43 €

	Capítulos	Previsións 2020	Modificacións	Previsións definitivas
1	Impostos Directos	2.487.754,40		2.487.754,40
2	Impostos Indirectos	70,000,00		70,000,00
3	Taxas, Prezos Públicos e Outros Ingresos	654.647,42		654.647,42
4	Transferencias correntes	2.900.792,20		2.900.792,20
5	Ingresos Patrimoniais	6.308,06		6.308,06
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00		0,00
7	Transferencias de capital	493.172,64		493.172,64
8	Activos financeiros	398.316,05		398.316,05
9	Pasivos financeiros	550,000,00		550,000,00
	TOTAL	7.560.990,77		7.560.990,77

	Capítulos	Créditos 2020	Modificacións	Previsións definitivas
1	Gastos de Persoal	2.614.442,76	0,00	2.614.442,76
2	Gastos en bens correntes e servizos	2.614.856,31	0,00	2.614.856,31
3	Gastos financeiros	19.156,19	120.140,42	139.296,61
4	Transferencias correntes	260.718,41	0,00	260.718,41
6	Investimentos Reais	1.250.347,62	0,00	1.250.347,62
7	Transferencias de Capital	395.277,23	0,00	395.277,23
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	209.283,36	-120.140,43	89.142,93
	TOTAL	7.364.081,88	0,00	7.364.081,88

Chantada, 30 de xullo do 2020.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1731

Anuncio

CONTA XERAL 2019

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e unha vez que foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión de data 30 de xullo de 2020, expónse ó público a Conta Xeral correspondente ó exercicio orzamentario do ano 2019 polo prazo de quince días, durante os cales e oito mais, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións que teñan por conveniente.

Chantada, 3 de agosto de 2020.- O Alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1733

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada, na sesión ordinaria do día 30/07/2020 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 27/2020 baixo a modalidade de suplemento de crédito 01/2020 con cargo ao remanente de tesourería para gastos de exercicios pechados, por importe de 672.701,41 €.

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días, de acordo co artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poderán presentar reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Chantada, 3 de agosto de 2020.-O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1734

O CORGO

Anuncio

MARCO ANTONIO GARCÍA-GABILÁN SANGIL, LICENCIADO EN DEREITO E SECRETARIO DO CONCELLO DO CORGO (LUGO)

CERTIFICO:

Que en data do 27 de xullo deste ano, o Sr. Alcalde ditou a Resolución relativa á modificación das bases e a apertura dun novo prazo da convocatoria de axudas económicas de pago único para o fomento da natalidade de 2019 no Concello do Corgo, aprobadas por resolución desta alcaldía do 30 de decembro de 2019, e publicadas no BOP do 1 de febreiro do actual, que se transcribe de seguido:

"DECRETO/20. O CORGO, 27 DE XULLO DE 2020

Por resolución desta alcaldía do 30 de decembro de 2019, aprobáronse as bases da convocatoria de axudas económicas de pago único para o fomento da natalidade de 2019 no Concello do Corgo, sendo publicadas no BOP do 1 de febreiro do actual.

De conformidade co establecido no Art. 23.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, a contía total das subvencións por nacemento de fillos ou adopción ascende a 13.000 € e atópase consignada na aplicación orzamentaria 231-480, no vixente orzamento para 2019.

Nas citadas bases establecíase que serían beneficiarios, entre outros requisitos, que a unidade de convivencia segundo o padrón municipal non percibira ingresos anuais superiores a 3,5 veces o SMI para 2019, referido a catorce pagas.

Entendíase por unidade de convivencia a todas as persoas que tiveran a residencia habitual no mesmo domicilio en que se empadroara o nado ou o adoptado, excluíndose as persoas coa calificación de dependentes e discapacitados ou tiveran reducida a súa capacidade de traballo nun grado equivalente ao da incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez.

Co fin de facer fronte á situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, declarada pola OMS, levou ao goberno autónomo de Galicia a decretar a emerxencia sanitaria e ao Goberno de España a declarar o estado de alarma, limitando a liberdade de circulación de persoas adoptando as medidas de contención no ámbito da actividade comercial, equipamentos culturais, establecementos e actividades recreativas, de hostalería e restauración e outras adicionais.

Como indica o Real decreto lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, a contención da progresión da enfermidade supón limitacións temporais á libre circulación xunto coa redución da oferta laboral debido ás medidas de corentena e contención. Estas circunstancias tradúcense nunha perturbación conxunta de demanda e oferta para a economía española, que afectará ás vendas das empresas, xerando tensións de liquidez que poderían derivar en problemas de solvencia e perda de empregos si non se adoptan medidas urxentes de estabilización.

Este real decreto lei permitiu ás entidades locais destinar o superávit correspondente ao 2019 para financiar gastos de inversión na política de gasto 23 "Servizos Sociais e promoción social" e tamén nas prestacións establecidas no seu artigo 2, entre outras a de "garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan de urxencia ou de inserción".

Por todo isto, e visto que a dotación para axudas á natalidade queda con saldo suficiente, cómpre modificar os requisitos esixidos nas mesmas, co fin de axudar ás familias por nacemento de fillos.

En consecuencia, por todo o exposto, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 4 d) das bases referidas, que queda redactado do seguinte xeito:

"d) A unidade familiar non perciba ingresos anuais superiores a 3,5 veces o SMI para 2019, referido a catorce pagas.

Entenderase por unidade familiar:

En caso de matrimonio (modalidade 1ª):

A integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houbera:

- Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.
- Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

A maioría de idade acádase aos 18 anos.

En defecto de matrimonio ou nos casos de separación legal (modalidade 2ª):

A formada polo pai ou a nai e a totalidade dos fillos que convivan con un ou outra e reúnan os requisitos sinalados para a modalidade 1ª anterior.

No suposto de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será o pai ou a nai a quen lle corresponda a custodia dos fillos, conforme ao acordo establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio.

En consecuencia poden extraerse as seguintes conclusións:

- Calquera outra agrupación familiar distinta das anteriores non constitúe unidade familiar a efectos desta subvención.
- Ninguén poderá formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.
- A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente o día 31 de decembro de 2019.

Polo tanto, se un fillo cumprira 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar nese período impositivo.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados total ou parcialmente da patria potestade dos seus fillos ou cuxa tutela estivese asumida por unha institución pública."

SEGUNDO.- No artigo 6 das citadas bases onde se faga referencia á unidade de convivencia deberá entenderse referida á unidade familiar.

TERCEIRO.- Publicar esta modificación e abrir un novo prazo de solicitudes ata o 30 de novembro deste ano 2020.

CUARTO.- As solicitudes presentadas con anterioridade, entenderanse que o fixeron dentro do prazo desta convocatoria, polo que non terán que volver a presentar solicitude."

Recursos: Contra a referida resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer, potestativamente o recurso de reposición, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da referida notificación ou interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sito en C/ Armando Durán, 27002- Lugo, durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da referida notificación, sen poder simultanear ambos os dous, conforme se dispón nos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, advertíndolle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente e/ou exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente.

Para que conste, para xeral coñecemento, expídese o presente certificado, co visto e praxe do Sr. Alcalde, no Corgo, a trinta de xullo de dous mil vinte.

O Corgo, 30 de xullo de 2020.- O SECRETARIO, MARCO ANTONIO GARCÍA-GABILÁN SANGIL. Vº E PRACE, O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 1735

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA MAIO DE 2020 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 27.07.2020 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia do mes de maio de 2020, modificándose os prazos de pago previamente establecidos por acordo da Xunta de Goberno Local do día 03.08.2020.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 6.08.2020 ata o 6.10.2020.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 3 de agosto de 2020.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 1737

*Anuncio***O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de xullo do 2020 prestou aprobación ao REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS/AS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, publícase o texto do mesmo:****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En virtude das competencias atribuídas aos Concellos en materia de Protección Civil na Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e aos números 3 e 4 do artigo 30 da Constitución Española, o exercicio das mesmas debe levarse a cabo, fundamentalmente, mediante actuacións dos Concellos e dos Alcaldes coa colaboración dun Concelleiro-Delegado de Protección Civil, coordinando os servizos municipais dedicados dunha forma cotiá ó cumprimento de misións que encadren nas de presenza e actuación en situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública.

O desenvolvemento do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios/as, agrupación de voluntarios/as e entidades colaboradoras en materia de Protección Civil de Galicia, da Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil da Norma básica de Protección Civil mediante o Real Decreto 407/1992, do 24 de abril naquelo que non contradiga ou se opoña a Lei 17/2015, os artigos 80, 81 e 92 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, o Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA), a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, o Decreto 123/2014, do 18 de setembro, polo que se regula a acreditación, a uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios/as de protección civil, a imaxe corporativa de estas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e emerxencias, e a Orde do 24 de febreiro de 2015 que o desenvolve, fan preciso a adecuación do actual Regulamento para a súa inscrición no Rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para articular as oportunidades de colaboración dos cidadáns, individualmente considerados, coa protección civil municipal, parece conveniente regulamentar a organización e funcionamento da agrupación de voluntarios/as de protección civil municipal, que se vinculará aos servizos básicos de intervención en emerxencias dependentes do concello para realizar as tarefas que procedan, sen prexuízo do que se poida establecer nas leis sobre prestación persoal e de servizos con carácter obrigatorio.

En virtude do exposto e previo acordo municipal, apróbanse os estatutos da Agrupación de Persoal Voluntario de Protección Civil do Concello de Monforte de Lemos que se transcribe seguidamente.

CAPITULO I

FINALIDADE

Artigo. 1.- A protección civil municipal ten como fin establecer unha organización en base á estrutura e recursos municipais, contando coa colaboración das entidades privadas e os cidadáns, para garantir a coordinación preventiva e operativa respecto da protección das persoas e bens ante os danos producidos polas situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, sen esquecer todo tipo de emerxencias menores, mediante actuacións que permitan evitar as mesmas, reducir os seus efectos, reparar os danos, e, no seu caso, contribuír a corrixir as causas produtoras das mesmas.

Artigo. 2.- A organización e funcionamento da Agrupación de Persoal Voluntario de Protección Civil, en adiante AMVPC, como modalidade de incorporación dos cidadáns á actividade de protección civil, rexerá polo establecido no presente Regulamento, así como polas instrucións e directrices que, a efectos de coordinación e participación no desenvolvemento ou execucións dos plans, programas e actividades da organización municipal e se diten polo órgano da Comunidade Autónoma competente nesta materia e demais administracións públicas de ámbito superior conforme ó establecido na normativa básica de Protección Civil.

Art. 3.- Poderán vincularse á AMVPC as persoas físicas que con carácter altruísta se comprometan a colaborar directamente nas actividades dos servizos de protección civil dependentes deste concello.

Art. 4.- As AMVPC deberán:

- Responder a principios democráticos e participativos na composición dos seus órganos e no seu funcionamento.
- Proporcionar ás persoas voluntarias a formación específica e a orientación necesaria para o exercicio das súas actividades.
- Garantir ao persoal voluntario as debidas condicións de seguridade e saúde no desenvolvemento da súa actividade, así como o establecido nas correspondentes medidas de prevención de riscos.
- Certificar a actividade das persoas voluntarias con constancia dos seus datos persoais identificativos e a duración e natureza da actividade desenvolvida.
- Informar ao persoal voluntario dos fins e réxime de funcionamento da AMVPC.
- Facilitar a participación do/a voluntario/a na celebración, deseño, execución e avaliación dos programas nos que interveñen.

CAPÍTULO II

DENOMINACIÓN E ORGANIZACIÓN

Art. 4.- A AMVPC ten o seu domicilio social na Casa Consistorial - Concello de Monforte de Lemos, provincia de Lugo, CP....., ámbito territorial no que vai realizar principalmente as súas actividades.

Art. 5.- A agrupación poderá estruturarse e organizarse funcionalmente en equipos, grupos, seccións, e unidades de acordo ás necesidades existentes no concello ou comarca na forma que se determine polos acordos municipais.

Art. 6.- Unha das canles para a colaboración voluntaria dos veciños na protección civil municipal levarase a cabo mediante a incorporación dos mesmos á AMVPC a que se refire o presente regulamento.

Art. 7.- Poderán incorporarse á AMVPC, como voluntarios/as operativos os veciños e veciñas maiores de 16 anos, en virtude de solicitude do interesado, na que declarará nos estar inhabilitado para a función pública por sentenza firme e o compromiso de coñecer e aceptar o contido deste Regulamento, así como o disposto na normativa vixente sobre protección civil.

En ningún caso pode facerse discriminación por razóns de sexo, políticas, ideolóxicas, relixiosas ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Art. 8.- Todas as actuacións que realice a AMVPC en materia de protección civil no ámbito local, serán sempre autorizadas e coordinadas, ou, se é o caso, dirixidas pola Alcaldía.

Art. 9.- A AMVPC contratará cun seguro de accidentes, así como de responsabilidade civil por danos a terceiros, que ampare aos seus membros fronte aos riscos a que están sometidos no exercicio das súas funcións.

Art. 10.- O da Policía Local, será o servizo coordinador das accións da agrupación de voluntarios/as de protección civil nos plans e programas de protección civil municipais.

Art. 11.- Todos os compoñentes da agrupación no desenvolvemento das súas funcións vestiran coa uniformidade, e distintivos, establecidos de acordo co disposto na normativa vixente.

CAPITULO III

PERSOAL VOLUNTARIO

Art. 12.- Poderán incorporarse á AMVPC como voluntarios/as nos operativos todas as persoas maiores de 16 anos que cumpran os requisitos de acceso, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razóns de sexo, políticas, ideolóxicas, relixiosas ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Art. 13.- Poderán formar parte da agrupación, como voluntarios/as de apoio, aquelas persoas que pola súa idade, menor de dezaseis anos, sempre que conste a autorización de quen exerza a patria potestade ou a tutela, e/ou pola aptitude psicofísica, soamente poidan efectuar determinadas labores de axuda e colaboración co voluntario operativo, fundamentalmente de apoio loxístico. Estes voluntarios/as de apoio quedarán excluídos do nivel operativo.

Art. 14.- As persoas con formación e experiencia suficiente no exercicio profesional ou vocación relacionada con algunha das entidades deste servizo público e que, por determinadas circunstancias non poidan ser voluntarios/as operativos, poderán estar unidos á agrupación mediante a figura de colaborador en misións de orientación, asesoramento, asistencia técnica ou axuda económica.

A figura de colaborador pódese facer extensiva a aquelas entidades locais que desexen colaborar coa agrupación en calquera dos apartados mencionados anteriormente.

Art. 15.- A vinculación dos voluntarios/as co concello non ten carácter de relación laboral, administrativa, funcional ou mercantil, senón de colaboración voluntaria para a prestación de servizos de maneira altruísta como medio de realización de accións humanitarias de solidariedade social e boa veciñanza.

Art. 16.- A condición de membro da AMVPC faculta unicamente para realizar as actividades correspondentes á mesma, especialmente en situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública e nos operativos organizados e coordinados pola agrupación. O persoal voluntario non poderán realizar actividades de carácter persoal amparándose na pertenza á agrupación.

Art. 17.- As funcións do persoal voluntario, entre outras, son as de promoción da prevención e autoprotección cidadá, así como a colaboración, auxilio e apoio dos servizos públicos de protección civil e, en todo caso, serán as indicadas no Plan de Emerxencia Municipal "PEMU" e demais plans de protección civil do sistema autonómico, aprobados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPITULO IV

DEREITOS E DEBERES

Art.18.- Son dereitos do persoal voluntarios/as de protección civil no exercicio da súa labor de colaboración:

- Recibir a información, formación, orientación, apoio, e se é o caso, medios materiais necesarios para o exercicio das funcións que se lle asignen.
- Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de voluntario/a de protección civil.
- Empregar a vestimenta homologada polo organismo competente en materia de protección civil da Xunta de Galicia.
- Realizar a súa actividade nas debidas condicións de seguridade en función da natureza e características daquela.
- Participar na elección dos membros da xunta directiva e poder ser elexible.
- Ser tratados sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- Non ser asignados á execución de tarefas alleas ós fins e natureza da entidade.
- Tomar parte en cantas actividades organice a agrupación en cumprimento dos seus fins e de acordo as súas capacidades.
- Disfrutar de todas as vantaxes e beneficios que a agrupación poida obter
- Facer suxestións aos membros da xunta directiva para mellor cumprimento dos fins da agrupación

Art.19.- Son deberes do persoal voluntario no exercicio da súa labor de colaboración:

- Gardar, cando proceda, confidencialidade da información recibida e coñecida durante o desenvolvemento da súa actividade como voluntario/a de protección civil, mantendo segredo análogo ó profesional.
- Rexeitar calquera tipo de contraprestación económica que puidese recibir dos cidadáns afectados directa ou indirectamente polas actividades desenvolvidas.
- Actuar de forma dilixente e solidaria, cumprindo coas indicacións e normas ditadas polos seus mandos naturais e as autoridades de protección civil.

- Participar nas tarefas formativas previstas pola autoridade competente de protección civil ou pola AMVPC, así como nas que con carácter permanente se precisen para manter a calidade das prestacións.
- Empregar axeitadamente a vestimenta de protección civil cos seus distintivos.
- Coidar e utilizar de xeito adecuado os recursos e medios materiais que poña a súa disposición a AMVPC, ou, de selo caso, as autoridades de protección civil.
- No suposto de causar baixa na AMVPC por calquera circunstancia, entregará a tarxeta de identidade e o uniforme ó/á responsable da AMVPC, así como o material asignado á súa custodia.
- Cumprir os compromisos acordados coa AMVPC, respectando o disposto nos seus estatutos.

Art. 20.- A formación do persoal voluntario, baseada nos coñecementos e habilidades relacionadas coas características propias deste servizo público, terá como finalidade facilitar a incorporación destas persoas en condicións de garantía e eficacia así como contribuír á selección dos/as aspirantes.

Art. 21.- A actividade formativa e de perfeccionamento do persoal voluntario, será a regulada pola Academia Galega de Seguridade sen menoscabo da impartida por outras institucións oficiais ou entidades homologadas.

CAPITULO V

ASEMBLEA XERAL

Art. 22.- A asemblea xeral é o órgano supremo de goberno da agrupación e estará integrada por todos os/as voluntarios/as.

Art. 23.- As reunións da asemblea xeral serán ordinarias e extraordinarias.

A ordinaria celebrarase unha vez ao ano, dentro dos tres meses seguintes ao peche do exercicio.

As extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do presidente, cando a xunta directiva o acorde ou cando o propoñan por escrito o menos unha décima parte dos/as voluntarios/as.

Art. 24.- As convocatorias das asembleas xerais realizaranse por escrito, expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar.

Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea en primeira convocatoria deberá haber polo menos sete días, podendo así mesmo facerse constar, se procedera, a data e hora na que se reunirá a asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida haber un prazo inferior a unha hora.

Art. 25.- As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas un terzo dos voluntarios/as con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados con dereito a voto.

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

Será necesaria unha maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- Nomeamento da xunta directiva e administradores
- Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas
- Proposta de modificación dos estatutos
- Proposta de disolución da agrupación

Art. 26.- Son facultades da asemblea xeral ordinaria:

- Aprobar, no seu caso, a xestión da xunta directiva
- Examinar e aprobar as contas anuais
- Aprobar ou rexeitar as propostas da xunta directiva en orde ás actividades da agrupación.
- Calquera outra que lle encomende por acordo maioritario da asemblea.

Art. 27.- Corresponde á asemblea xeral extraordinaria:

- Nomeamento dos membros da xunta directiva
- Proposta de modificación dos estatutos
- Proposta de disolución da agrupación
- Expulsión de voluntarios/as, a proposta da xunta directiva
- Constitución de federacións ou integracións nelas

Art. 28.- No caso de elección dos membros da Xunta directiva formarase unha Xunta Electoral que será a que regule e presida o procedemento de elección e estará composta por cinco membros voluntarios/as da AMVPC:

- O voluntario/a mais antigo que será o Presidente
- O voluntario/a mais recente
- O voluntario/a mais de maior idade
- O voluntario/a mais de menor idade
- Un voluntario elixido polos anteriores que será o secretario

CAPÍTULO VI

XUNTA DIRECTIVA

Art. 29.- A AMVPC será xestionada e representada por unha xunta directiva formada por: un/a presidente/a, un/a secretario/a, un/a tesoureiro/a e catro vocais, no seu caso.

Todos os cargos que compoñen a xunta directiva, serán designados e revocados pola asemblea xeral extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de catro anos.

Art. 30.- Os membros da xunta directiva causarán baixa por renuncia voluntaria, comunicada por escrito a esta, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e/ou por expiración do mandato.

Art. 31.- Os membros da xunta directiva que tiveran esgotado o prazo para o que foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos que os substitúan.

